

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 8 de febreiro de 2006 pola que se convocan para o ano 2006 axudas para o desenvolvemento de accións formativas complementarias para agricultores e as súas familias, que serán impartidas por asociacións sen ánimo de lucro e vinculadas ao sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia fíxase como obxectivos estratéxicos nesta lexislatura a valorización do medio rural no seu conxunto e a fixación de poboación no rural, particularmente da mocidade. Para iso cómpre actuar, dentro das competencias da consellería, a través de programas de formación dirixidos aos agricultores e ás súas familias co fin de mellorar a utilización dos seus recursos, proporcionando o soporte tecnolóxico necesario para o desenvolvemento sustentable do sector agroforestal galego.

Esta actuación deberá ter en conta os requirimentos dos consumidores en materia de calidade e seguridade alimentaria, os cambios orixinados nas novas demandas ambientais da sociedade, altamente sensibilizada pola incidencia dos incendios forestais, e as exixencias de procurar un desenvolvemento do medio rural que permita a valorización deste espazo e a fixación da poboación. Da cobertura desta necesidade, a partir de actuacións inseridas na política agraria, depende a competitividade futura do sistema alimentario galego e as posibilidades reais de promover un desenvolvemento rural sustentable. Neste eido, cómpre ter presente que a formación é un elemento esencial da innovación tecnolóxica e constitúe un investimento de futuro para a sociedade galega.

Alén das accións formativas directas promovidas pola consellería por medio dos programas de formación regrada e continua, cómpre incluír outras accións complementarias que permitan unha formación integral da poboación do medio rural galego. Por isto, é necesario manter as axudas que faciliten, a través de asociacións sen ánimo de lucro vinculadas ao sector agrario, o desenvolvemento de cursos de formación agraria dirixidos a aquelas persoas que se atopen no medio rural e desexen mellorar as técnicas e os coñecementos que van aplicar no desenvolvemento da súa actividade, para mellorar a calidade de vida, contribuír ao mantemento dos ecosistemas e favorecer o emprego. Os devanditos cursos están xenericamente dirixidos á actualización técnica e permanente dos profesionais do sector e ás súas familias, á diversificación das producións agrarias e mellor aproveitamento dos recursos do medio, a descubrir novas posibilidades de emprego no rural, á sensibilización agroambiental da poboación do medio rural, á posta en valor dos espazos e das producións forestais e á diminución da sinistralidade laboral no sector agroforestal.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de

outubro; pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro,

DISPOÑO:

Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e efectuar a convocatoria para 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas, no ámbito de Galicia, a financiar as accións formativas en materia agrícola, gandeira ou forestal dirixidas á poboación do medio rural que sexan executadas por asociacións sen ánimo de lucro, constituídas ou amparadas na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, vinculadas ao sector agrario e que teñan entre os seus fins o desenvolvemento e a promoción do medio rural, cuxa temática non sexa coincidente coa programación formativa da consellería no mesmo ámbito territorial ou administrativo.

Artigo 2º.-Accións formativas.

1. As accións formativas subvencionables que se desenvolverán ao abeiro desta orde serán as seguintes:

a) Cursos de actualización profesional e introdución de novos coñecementos e técnicas agrarias, dirixidas a agricultores, ás súas familias e membros das comunidades rurais, que teñan como base a explotación agraria e o seu contorno.

b) Cursos orientados ao fomento e estabilización do emprego, de actividades produtivas e complementarias para a diversificación das producións agrarias e encamiñados á consecución dunha economía sustentable nas familias rurais. Os cursos estarán dirixidos a agricultores, ás súas familias, asalariados agrarios e membros das comunidades rurais.

2. Estas accións formativas encadraranse dentro das especialidades formativas indicadas no artigo 13º desta orde.

3. A duración mínima destes cursos será de 12 días e 40 horas lectivas, agás excepcións debidamente motivadas e xustificadas.

4. A temática destes cursos non poderá ser coincidente, no mesmo ámbito xeográfico e administrativo, coa oferta formativa realizada pola Consellería do Medio Rural.

5. De acordo co previsto no artigo 5.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, nas accións formativas subvencionadas pola Consellería do Medio Rural reguladas no punto 1º deste artigo empregárase de xeito preferente a lingua galega, tanto a nivel oral como na documentación escrita que se empregue como material didáctico dos cursos, publicidade e difusión destes.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nesta orde, as asociacións sen ánimo de lucro vinculadas ao sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia, que estean suxeitas e regulamen-

tadas pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, que teñan entre os seus fins o desenvolvemento e a promoción do medio rural que, cumprindo os requisitos exixidos nesta orde, acrediten reunir as condicións de solvencia técnica e eficacia para realizar a actividade formativa solicitada.

2. Non se poderán acoller ás axudas consideradas nesta orde as asociacións especificadas na epígrafe 3ª do artigo 1 da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, e as que estean regulamentadas por leis especiais ou sometidas a un réxime asociativo específico.

3. Cada solicitante poderá solicitar un máximo de catro cursos.

4. As federacións, confederacións ou unión de asociacións non poderán presentar solicitudes en nome das asociacións, cando estas o soliciten a título individual. Neste caso soamente serán consideradas as solicitudes presentadas pola asociación.

5. As solicitudes presentadas por unha federación, confederación ou unión de asociacións en nome dunha asociación, presentarán o conforme da/o presidenta/e desta.

Artigo 4º.-Contía das axudas.

1. As accións formativas descritas no artigo 2º poderán ser obxecto dunha axuda máxima que permita compensar os custos derivados da execución da actividade formativa solicitada.

2. As cantidades máximas estipuladas da axuda establécense para cada curso e en función do número de alumnado, que se cifra nun mínimo de 20 asistentes e un máximo de 30.

3. Non se poderá iniciar a acción formativa se non se reúne un mínimo de 20 asistentes. No suposto de que o curso se inicie con 20 alumnos ou alumnas e ao longo do desenvolvemento se producise algunha baixa, reduciranse nun 5% por cada alumno ou alumna por debaixo da cifra de 20 os gastos xerais e os de coordinación, resultantes dos alumnos ou alumnas asistentes a máis do 70% das horas lectivas.

4. Os gastos máximos subvencionables de profesorado ascenden a 1.240 €. Así mesmo, estipúlase a cantidade máxima subvencionable de 31 €/hora lectiva para o profesorado.

5. Os gastos máximos subvencionables de coordinación serán de 65 €.

6. Os gastos xerais máximos subvencionables por alumno ou alumna asistente serán, polo menos, ao 70% das horas lectivas: 34 €, cun máximo de 1.020 €.

7. Estas subvencións teñen a consideración de máximas e, no caso de que o número de solicitudes aprobadas non permitise atinxir estes montantes económicos, procederase a ratear a cantidade dispoñible entre as solicitudes aprobadas.

8. Os custos correspondentes a cada tipo de curso desagregaranse en:

* Grupo A: referidos aos custos de profesorado e coordinación.

* Grupo B: referidos ao resto dos custos subvencionables do curso.

9. Estas axudas son incompatibles con calquera outra que poida ser solicitada ou concedida por outro

organismo público ou privado, destinada a estas mesmas accións formativas.

Artigo 5º.-Gastos susceptibles de axuda.

1. Serán obxecto de axuda os custos correspondentes ao grupo A seguintes:

a) Gastos de profesorado, que serán calculados para cada profesor en función das horas lectivas impartidas de acordo coa cantidade estipulada e dispoñible, na que incluírá a elaboración de medios e materiais didácticos.

b) Gastos das actividades de coordinación, que serán realizadas por persoa física distinta da encargada de impartir a acción formativa, de acordo coas cantidades estipuladas e dispoñibles para cada curso. Cando unha entidade sexa beneficiaria de axuda por máis dun curso, os custos de coordinación reduciranse no segundo curso nun 20%, no terceiro nun 30% e no cuarto nun 40%.

2. Serán obxecto de axuda os custos correspondentes ao grupo B seguintes:

a) Gastos de seguros de accidentes do alumnado e, de ser o caso, importe da póliza de responsabilidade civil para afrontar os riscos que para os bens ou persoas poidan derivar da realización das actividades do curso.

b) Gastos de medios e material didáctico, como textos e materiais dun só uso para o alumnado, así como os materiais de traballo funxible empregados durante as actividades do curso.

c) Gastos de enerxía eléctrica, combustible, mantemento das instalacións e equipamentos formativos.

d) Outros gastos xerais que teñan a súa orixe no desenvolvemento do curso, que comprenderán os seguintes:

-Gastos de transporte motivados pola realización de viaxes didácticas previstas no programa de actividade formativa.

-Gastos derivados do pagamento de entradas no caso de que a visita didáctica orixinase ese tipo de gasto. A suma desta epígrafe e máis a anterior non poderán superar ao 45% dos custos xerais, e non poderá incluír custos de manutención motivados polo desprazamento da viaxe didáctica.

-Gastos de limpeza do lugar ou lugares da realización das actividades formativas: aulas, talleres e elementos comúns.

-Gasto de publicidade da actividade formativa.

-Gastos de alugamentos de instalacións e de maquinaria.

3. En ningún caso serán xustificables os gastos de manutención nin de transporte pola asistencia ao curso, nin tampouco pola mera asistencia ao curso.

Artigo 6º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. As entidades beneficiarias das axudas deberán cumprir as seguintes obrigas xerais:

a) Facer constar en todos os documentos e publicidade da actividade formativa o anagrama da Xunta de Galicia. Así mesmo, no desenvolvemento da acción formativa informaranse os participantes de que o curso está financiado pola Consellería do Medio Rural.

b) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de

Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos.

c) Levar un control de presenza nas horas lectivas das persoas inscritas no curso, por medio dunha listaxe na que asinen os asistentes cada xornada, co visto e prace do coordinador, ou no seu defecto, do profesor.

2. Obrigas para cumprir antes do inicio da acción formativa, co fin de planificar a supervisión de cada curso por parte da Administración. Neste sentido, remitiráselle á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural, cun mínimo de quince días naturais de antelación ao inicio da actividade formativa, contados desde a entrada nun rexistro administrativo, a seguinte documentación:

a) As datas exactas do seu inicio e remate, así como o horario previsto no seu desenvolvemento.

b) A planificación temporal e horaria do programa da acción formativa e daquelas actividades complementarias que se vaian realizar nesta.

c) O enderezo completo do lugar no que se impartirá, indicando se é propio, alugado ou cedido e, nese caso, o carácter da cesión.

d) A confirmación do cadro do profesorado que vai impartir o curso.

e) Datos persoais e enderezo da persoa, da entidade solicitante responsable da coordinación e xestión directa do curso.

3. Obrigas para cumprir ao longo da realización da actividade formativa:

a) Someterse ás actuacións de supervisión e control que en calquera momento poidan acordar os servizos competentes da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, tanto no relativo ao desenvolvemento da acción formativa como á súa xestión e tramitación administrativa.

b) Comunicar calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar o desenvolvemento da actividade formativa.

4. Ao rematar a actividade formativa, as entidades beneficiarias terán obriga de remitirle á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal a seguinte documentación:

a) Xustificantes do gasto, co imposto sobre o valor engadido (IVE) desagregado, orixinado polo curso impartido.

b) Unha nova declaración de non ter solicitadas nin obtidas outras axudas para o mesmo curso das distintas administracións públicas ou entidades privadas.

c) Relación das persoas asistentes a un mínimo do 70% das horas lectivas, cos seus datos persoais, enderezo, número de teléfono e sinatura.

d) Certificado de asistencia, emitido polo coordinador, no que consten as persoas que asistiron a menos do 70% das horas lectivas, e copia dos controis de presenza nas horas lectivas, tal e como se indica no punto 1 c) deste artigo.

e) Copia dun exemplar da publicidade empregada no curso, cos anagramas correspondentes.

f) Relación definitiva dos alumnos inscritos, dos seus datos persoais, enderezo, número de teléfono, segundo o modelo que se xunta no anexo III.

Artigo 7º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

Será motivo de perda da axuda o incumprimento das obrigas sinaladas no artigo anterior, dando lugar ao reintegro total ou parcial da subvención percibida.

Artigo 8º.-Modificación da resolución da concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 9º.-Seguimento e control das actividades formativas.

1. A Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, a través do persoal dos servizos competentes, verificará o cumprimento do disposto nesta orde, mediante visitas de supervisión aos cursos que sexan aprobados.

2. Cando nun caso se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puidesen ser emendadas no prazo concedido pola Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, ou que estas incidan negativamente na súa calidade docente, o órgano competente procederá, á súa cancelación coa obriga de reintegro da axuda concedida, nos termos e coas condicións establecidas no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 10º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Con carácter xeral, a certificación e xustificación da axuda de cada un dos cursos aprobados realizarase dentro dos 15 días seguintes ao da súa finalización, de acordo coas seguintes normas:

1.1. Gastos do grupo A:

a) Relación de recibos ou facturas orixinais correspondentes ao profesorado, acompañada da certificación das horas impartidas. Ao confeccionar o recibo terase en conta a retención aplicable no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

b) Recibo ou factura correspondente aos gastos de coordinación, acompañada da oportuna certificación. Terase igualmente en conta a retención do IRPF na súa confección.

1.2. Gastos do grupo B:

a) Facturas orixinais xustificativas, co IVE desagregado.

b) Xunto cos xustificantes orixinais dos gastos, achegarase unha certificación comprensiva da súa relación.

2. As certificacións ás que se fai referencia neste artigo deben ser necesariamente emitidas pola persoa responsable, de acordo coas previsións estatutarias, da asociación beneficiaria da axuda da actividade formativa.

3. Todas as facturas e recibos presentados como xustificación estarán efectivamente pagados e suficientemente acreditado o dito pagamento.

4. Unha vez que a xustificación da axuda sexa aprobada polo organismo xestor, realizarase o pagamento da subvención, que será efectuado nun único prazo.

Artigo 11º.-Remate das accións formativas.

O remate e xustificación das accións formativas producirase, necesariamente, antes do 30 de novembro de 2006.

Artigo 12º.-Dereitos e deberes do alumnado.

1. A formación que reciba o alumnado participante nas accións formativas amparadas nesta orde será gratuíta.

2. O alumnado terá a obriga de asistir e seguir con aproveitamento os cursos, así como facilitar a documentación que lle sexa solicitada pola asociación que imparte o curso.

3. Os asistentes aos cursos estarán obrigados a facilitar á Administración as informacións ou datos precisos que lles sexan requiridos co fin de verificar o destino dos fondos públicos e o cumprimento do disposto nesta orde e na normativa xeral sobre axudas e subvencións públicas.

Artigo 13º.-Especialidades formativas.

1. As especialidades formativas que se impartirán con carácter prioritario dentro da programación serán aquelas referidas ás seguintes epígrafes:

a) Prevención de incendios forestais. As posibilidades de valorización do monte. Producións complementarias nos terreos forestais.

b) Mobilidade de terras agrarias. O marco da agricultura sustentable. Diversificación de cultivos e actividades produtivas agrarias, recuperación de cultivos tradicionais e actividades complementarias relacionadas.

c) Modelos europeos de valorización do medio rural. O desenvolvemento rural. O papel do agricultor como produtor de externalidades para a sociedade.

d) Novas posibilidades de emprego no rural e fixación de poboación moza. O papel da muller como impulsora do desenvolvemento no medio rural. Creación e desenvolvemento de microempresas no rural. Diversificación produtiva en actividades extraagrarias.

e) Procesos e experiencias de comercialización e posta en valor de produtos agroalimentarios tradicionais e artesáns. Transformación de produtos agrarios.

f) Os requisitos de condicionalidade na percepción de axudas Política Agraria Común (PAC). Boas prácticas agrarias e benestar animal. Rastrexabilidade e seguridade alimentaria.

g) Hixiene e seguridade no traballo nas actividades agrarias e agroalimentarias.

h) A empresa agraria como actividade económica. Xestión da empresa agraria.

i) As tecnoloxías de información e comunicación no medio rural como ferramenta de desenvolvemento.

j) Outros temas de interese agrario ligados á incorporación de innovacións tecnolóxicas á actividade agraria.

2. A temática do curso indícase na epígrafe correspondente do anexo II da solicitude de cada curso segundo o número das epígrafes anteriores.

3. As especialidades formativas comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado, de acordo co seu nivel e grao de dificultade.

Capítulo II

Da convocatoria pública

Artigo 14º.-Solicitudes de accións formativas, prazo e resolución.

1. As asociacións que, reunindo os requisitos sinalados nesta orde, desexen realizar as accións formativas descritas no artigo 2, deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I, e que estará á disposición dos interesados nas dependencias das delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural e máis nas oficinas agrarias comarcais.

2. A solicitude será subscrita polo representante legal das entidades e irá acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de ser asociación sen ánimo de lucro suxeita e regulamentada pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, e dos seus fins.

b) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.

c) Fotocopia do documento de identidade do representante.

d) Certificado de solvencia técnica na que se fagan constar as actividades formativas realizadas nos dous últimos anos e a titulación académica do profesorado.

e) *Curriculum vitae* do profesorado que vai impartir o curso solicitado, debidamente asinado polo interesado.

f) Ficha de cada curso solicitado, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde, debidamente cuberta.

g) Memoria co programa detallado do curso, o orzamento deste e os obxectivos que se pretenden alcanzar coa acción formativa, describindo o contorno social onde se pretende desenvolver e, de ser o caso, o proxecto piloto e/ou demostración ligada á acción formativa.

h) Declaración de non ter solicitado nin obtido outras axudas para o mesmo curso das distintas administracións públicas ou entidades privadas.

i) Relación detallada de dotacións, equipamentos e medios materiais que se utilicen no seu desenvolvemento e unha descrición dos locais nos que se vai desenvolver o curso.

j) Certificación da entidade bancaria, que acredite a existencia da conta a nome da asociación ou entidade solicitante.

3. As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro da Consellería do Medio Rural, en calquera das súas dependencias provinciais e locais ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural.

4. O prazo para a presentación das solicitudes será de 40 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta orde.

5. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria, ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase o solicitante para que no prazo de 10 días hábiles proceda a corrixir a deficiencia detectada, mediante a presentación da documentación requirida. Se non o fixese, considerarase que desiste da súa solicitude, logo de resolución nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O procedemento que hai que seguir para a resolución das solicitudes é o seguinte:

a) As solicitudes presentadas coa documentación correspondente remitiranse no seu prazo á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

b) Para a análise e valoración das solicitudes constituirase unha comisión de valoración, que será encargada de realizar o informe, proposta de resolución e posterior elevación ante o órgano competente.

c) A comisión de valoración estará composta por:

Presidente: o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Vogais: o subdirector xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica, o xefe do Servizo de Formación Agroforestal e o xefe de Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estudos e Publicacións.

Secretario: o subdirector xeral de Persoal e Informática da Consellería do Medio Rural.

O director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal poderá designar, en caso de necesidade, por imposibilidade de asistencia ás sesións de valoración das persoas nomeadas, as persoas que os substitúan.

d) A comisión de valoración valorará as solicitudes de acordo cos seguintes criterios:

1. Solvencia técnica da entidade e memoria descriptiva do curso solicitado: até 10 puntos.

2. Existencia dun proxecto piloto asociado ao desenvolvemento do curso: até 10 puntos.

3. Programación de cursos relacionados coa sensibilización da poboación verbo da mobilidade de terras agrarias, prevención de incendios forestais e valorización do medio rural: até 8 puntos.

3. Existencia de accións de demostracións ligadas ao curso: até 5 puntos.

4. Porcentaxe de asistentes ao curso dedicados á agricultura: até 5 puntos.

5. Porcentaxe de mulleres e de menores de 25 anos asistentes ao curso: até 5 puntos.

6. Cursos realizados en zonas de montaña: 5 puntos.

7. Cursos realizados en zonas desfavorecidas: 2 puntos.

8. Naqueles casos nos que se coñeza a participación de alumnos inscritos que presenten algunha

discapacidade (que se deberá acreditar): até 5 puntos.

e) A resolución de aprobación ou denegación das solicitudes, logo do informe da comisión de valoración, e por proposta do director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, que lles será notificada aos solicitantes.

f) As solicitudes poderanse entender denegadas se non se ditase resolución expresa no prazo de catro meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

g) A concesión ou denegación da axuda seralles notificada directamente aos interesados, a través da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15º

1. As axudas económicas recollidas no artigo 4 desta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 11.05.322L.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e por un importe máximo de 150.000 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposición adicional

Primeira.-Nos aspectos non regulados nesta orde haberá que atermos ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

Primeira.-Facúltase o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal para ditar cantas normas complementarias se consideren oportunas para a correcta interpretación e aplicación desta orde.

Segundo.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDIMENTO AXUDAS ACTIVIDADES FORMATIVAS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR202A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE		TIPO DE ENTIDADE		CIF	
Nº DE SOCIOS	OBXECTO SOCIAL				
ENDEREZO					
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE		PROVINCIA	TELÉFONO	
Nº DE CONTA BANCARIA					

DATOS DO/A REPRESENTANTE

APELIDOS		NOME		NIF	
ENDEREZO				LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CARGO NA ENTIDADE		

RELACIÓN DE CURSOS SOLICITADOS

CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE E DO CURSO SOLICITADO (RISQUE O QUE PROCEDA)

DO CURSO		
XEOGRÁFICOS	SITUADA EN ZONA DE MONTAÑA	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	SITUADA EN ZONA DESFAVORECIDA	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	SITUADA NOUTRO TIPO DE ZONA	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
SOCIAIS DA ENTIDADE	ENTIDADE INTEGRADA NOUTRA DE TIPO SUPERIOR	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	GRAO DE INTEGRACIÓN DA ENTIDADE NO SEU CONTORNO	<input type="checkbox"/> ALTO <input type="checkbox"/> MEDIO <input type="checkbox"/> BAIXO
	DE PARTICIPACIÓN DOS/AS SOCIOS/AS NAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE	<input type="checkbox"/> ALTO <input type="checkbox"/> MEDIO <input type="checkbox"/> BAIXO
	AFINIDADE DO CURSO EN RELACIÓN COS FINS DA ENTIDADE	<input type="checkbox"/> ALTO <input type="checkbox"/> MEDIO <input type="checkbox"/> BAIXO
		INCLÚE PROXECTO PILOTO NALGÚN CURSO <input type="checkbox"/> SI _____ <input type="checkbox"/> NON (No caso afirmativo, indíquese o proxecto)
		INCLÚEN DESENVOLVEMENTO DE DEMOSTRACIÓNS <input type="checkbox"/> SI _____ <input type="checkbox"/> NON (No caso afirmativo, indíquese a demostración)

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 8 de febreiro de 2006 pola que se convocan para o ano 2006 axudas para o desenvolvemento de accións formativas complementarias para agricultores e as súas familias, que serán impartidas por asociacións sen ánimo de lucro e vinculadas ao sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

